

«Artigo 5. *Controis da Comisión Europea.*

1. Representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderán acompañar os expertos veterinarios da Comisión Europea e os representantes dos órganos competentes das comunidades autónomas que realicen as inspeccións e controis previstos no artigo 7 da Directiva 98/58/CE, do Consello, do 20 de xullo, todo iso sen prexuízo da remisión do informe a que se refire o artigo anterior.

2. Cando se realicen estas inspeccións, os órganos competentes das comunidades autónomas deberanlles prestar ós expertos veterinarios da Comisión Europea toda a asistencia que necesiten para o cumprimento do seu cometido.

3. O resultado dos controis efectuados deberá discutirse entre os expertos veterinarios da Comisión Europea e os representantes da Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes da elaboración e difusión dun informe definitivo, establecéndose, para estes efectos, entre o Ministerio e os órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, os mecanismos de colaboración oportunos.

4. Os órganos competentes das comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para ter en conta os resultados das inspeccións e dos controis efectuados que se establezan no informe definitivo.»

**Disposición adicional única.** *Título competencial.*

Este real decreto ten o carácter de normativa básica estatal e dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre bases e coordinación xeral da sanidade.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de abril de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**9096** *REAL DECRETO 507/2001, do 11 de maio, polo que se modifica o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo. («BOE» 114, do 12-5-2001.)*

O Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, incorporou ó dereito interno, entre outras, a Directiva 92/32/CEE do Consello, do

30 de abril, pola que se modifica por sétima vez a Directiva do Consello 67/548/CEE, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas en materia de clasificación, embalaxe e etiquetaxe de substancias perigosas, así como a Directiva 93/90/CEE da Comisión, do 29 de outubro, que a desenvolve, no relativo a unha lista de substancias exentas do procedemento de notificación de substancias novas da Directiva 92/32/CEE xa mencionada.

Recentemente publicouse a Directiva 2000/21/CE da Comisión, do 25 de abril, que substitúe a Directiva 93/90/CEE, que quedou derogada.

Procede, polo tanto, incorporar ó noso ordenamento xurídico os preceptos contidos na Directiva 2000/21, que por afecta-lo articulado do Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, antes citado, se fai mediante esta norma. Esta dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución e de acordo co artigo 40, números 5 e 6, da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo e de Ciencia e Tecnoloxía, oídos os sectores afectados, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de maio de 2001,

### DISPONGO:

**Artigo único.** *Ampliación da lista de exencións da notificación de substancias novas.*

Modifícanse as alíneas e) e f) e engádese unha nova alínea g), no número 1 do artigo 13 do Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, e modificado polo Real decreto 700/1998, do 24 de abril.

1. As alíneas e) e f) substitúense polo texto seguinte:

«e) os ingredientes activos utilizados exclusivamente para os produtos fitosanitarios, incluso para fins de investigación e desenvolvemento,

f) as substancias utilizadas exclusivamente como substancias activas de biocidas, incluso para fins de investigación e desenvolvemento.»

2. A actual alínea f) pasa a ser alínea g) co seguinte contido:

«g) as substancias utilizadas exclusivamente para outras categorías de produtos para as que existan procedementos de notificación ou de homologación idénticos ós esixidos neste regulamento.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de maio de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ